

CONSELLO TERRITORIAL DE DOSO

Data: 09 de outubro de 2023

Lugar: Local Social de Doso

Hora de comezo: 16:00 h

Hora de remate: 17:45 h

CONVOCATORIA E ASISTENCIA

Están convocadas, ademais das persoas designadas por cada grupo municipal para este barrio, as entidades asociativas rexistradas na zona.

Asisten ao Consello Territorial as seguintes persoas do tecido asociativo e dos diferentes grupos políticos da Corporación:

- Olga Ameneiro (Concelleira de Participación) Presidenta do Consello Territorial
- Juan Pablo Mauriz Romero (Concelleiro de Mobilidade, Urbanismo e Obras)
- Marta Grandal (Bloque Nacionalista Galego)
- Silvia de Arriba Fernández (Partido dos Socialistas de Galicia)
- Gonzalo Iglesias (Partido Popular)
- José Ángel Rodríguez (AVV Naveira)
- Lidia Soto (AVV Naveira)
- David Fernández (AVV Naveira)
- Eloy Ameneiros (AVV Naveira)

Veciñanza asistente:

- María Manuel Seijo
- Antonio Yáñez
- Ángel Martín
- José Manuel Rodríguez
- Joaquín Félix Mariño Blanco
- Fátima Yáñez Penabad
- Sara López Yáñez
- Rita Yáñez Pita
- Roberto Leal

Xunto con Eva Paola Bermúdez Porras en calidade de equipo técnico da Escola de Participación Cidadá e Secretaría Técnica do Consello Territorial.

Benvida e apertura

Olga Ameneiro dá a benvida a todas as persoas participantes e explica o sentido dos Consellos territoriais e o dereito de intervención segundo o Regulamento de Participación Cidadá, que pode ser consultado [neste enlace](#).

Preséntase a axenda e o sentido da sesión.

ORDE DO DÍA

1.Revisión das necesidades/propostas compartidas nos últimos Consellos Territoriais. Deixamos un espazo ás persoas asistentes para que seleccionen as tres cuestións prioritarias para a veciñanza de Doso, para poder falar delas con máis calidade. A continuación, abrimos outro espazo para seguir compartindo as necesidades.

2. Compártense, por medio dunha rolda, **novas necesidades/propostas**, ás que na medida do posible se responde no propio Consello Territorial, incorporando aquelas que precisen de estudo ou revisión á folla de seguimento.

3. Resposta por parte do Goberno local, así como recollida de intervencións por parte do resto de Concelleiras/os da Corporación.

DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Comezamos a sesión dedicando o primeiro espazo a que as persoas asistentes revisen o listado de temas de anteriores Consellos territoriais para poder seleccionar os que teñen maior prioridade. Durante esta sesión intercaláronse temas pendentes e novos temas que separaremos nesta acta:

Actualización do estado das cuestións recollidas en anteriores CT:

- Mantemento pistas e camiños:
 - Senda da Braña - Igrexa: Solicítase información sobre o estado da obra e infórmase dos problemas coa canalización da auga derivada das propias obras. Pablo Mauriz explica que a obra está rematada. A veciñanza informa de que é necesario revisar o estado debido aos problemas de canalización e queda pendente esta revisión por parte do Concello e revisar como facer a quenlla¹.
 - A asociación veciñal solicita documentación e información sobre as actuacións na parroquia.
- Seguridade viaria:
 - Sinalizacións verticais na senda da Braña: A veciñanza solicita sinalizacións verticais para reforzar a seguridade viaria desta senda, xa que os coches invaden as beirarrúas. Pablo Mauriz informa de que iso non estaba contemplado na obra, mais que é posible. Falará co responsable de seguridade viaria para incorporar.
 - Caseta do bus da estrada xeral: Infórmase do mal estado e a necesidade de anclala e reparar un cristal roto debido ao perigo que implica para as crianzas que esperan alí o bus. Menciónase tamén que se valorou

¹ canaleta

cambiala de sitio. Dende o Concello toman nota e Pablo Mauriz informa sobre os motivos do cambio da caseta, xa que foi colocada nese punto hai vinte anos co permiso das persoas propietarias do terreo e, na actualidade, as novas persoas propietarias informaron do seu desexo de mudala.

Para estas cuestións de mantemento de pistas e seguridade viaria valórase a posibilidade de achegarlle ao Concello un listado coas necesidades detectadas pola veciñanza.

- Xestión da auga:
 - Proxecto depuradora e obra de saneamento. Está o proxecto para a depuradora. Para o subministro de auga está en proceso a obra de saneamento. O estudo está feito, pero non dotado de orzamento. Precísase financiamento externo e non é doado. Unha vez se obteña isto, debería facerse unha sondaxe para valorar se hai xente interesada suficiente para o subministro.
- Local social:
 - Obras no local social non rematadas: Infórmase de varias cousas que quedan pendentes de arranxar: cimentación de beirarrúas, plaqueta e peche. Mercouse o terreo para a ampliación.
 - Novo local social nas pistas polideportivas: A veciñanza sinala que debería estar o local social ao lado das pistas polideportivas, xa que hai baños, pistas, bar, pistas e pode ser un lugar interxeracional, onde as persoas maiores teñan máis espazo para as súas actividades e as crianzas estean máis seguras dos coches. Dende o Concello isto non é unha acción prevista. En caso de ser unha posibilidade, consultaríase á veciñanza para coñecer o seu interese e valoraríase dende o Concello.
 - Pistas polideportivas: A veciñanza solicita cubrir as pistas. Infórmase de que sería máis rendíbel que o aluguer de carpas que se está a facer en datas sinaladas, que as pistas serían aproveitables durante o ano e que sería o espazo de festas de Doso.

Outros temas e necesidades abordadas no Consello territorial:

- Información e participación veciñal: Dende a veciñanza, infórmase das problemáticas derivadas das obras realizadas. Destácase a necesidade de establecer contacto coas entidades á hora de promover calquera proxecto, co obxectivo de recompilar información útil, adecuar as accións ás necesidades da veciñanza e previr problemas. Transversalizar a participación a outras áreas, principalmente a Obras e Servizos. Pablo Mauriz informa que dende o Concello publícase o listado de obras a realizar, e tamén sinala a carga de traballo que dificulta poder comunicar de forma máis individual. As veciñas e veciños destacan que son necesarias as reunións para poder

explicar os proxectos á veciñanza.

- Comunicación: A veciñanza demanda resposta nas comunicacións que realizan ás distintas concellarías. Déixase a actualización dos contactos e horarios de atencións das distintas concelleiras e concelleiros e Olga Ameneiro comprométese a dar resposta a todos os contactos que reciba.

- Incidencia das políticas no rural: Neste Consello a veciñanza sinala que senten agravio comparativo con outros barrios do núcleo urbano. Senten que non se lles escoita e comparten un sentimento de abandono. Dende o Concello Olga Ameneiro e Pablo Mauriz comparten a súa preocupación por este tema, e Olga Ameneiro sinala que o seu traballo é evitar iso e traballar para responder as súas necesidades.

- Participación: Dende a asociación veciñal comparten que existe unha falta de participación xeral por parte da veciñanza, sobre todo á hora de poñer asembleas e, en concreto se o obxectivo é para asumir responsabilidades dentro da entidade (cambios de directiva etc.). Esta falta de participación tamén complica a comunicación entre a veciñanza á hora de poñer en común necesidades da parroquia. Ofrecese á Escola de Participación para apoiar outras asembleas ou reunións que se convoquen dende a entidade veciñal.

- Regulamento de participación: A veciñanza solicita revisar o regulamento, debido a que ven positivo que cada veciña e veciño achegue o que coñece e non sobrecargar a unha persoas co labor de transmitir e dar resposta de todo. Olga Ameneiro comenta que terá que recompilar a opinión de todas as entidades e valorar a súa modificación ou non, pero que mentres sexa ese o seu labor será darlle cumprimento.

PECHE

Péchase a sesión con Olga Ameneiro agradecendo a asistencia e a participación das persoas asistentes e recordando a súa vontade de cumprir co regulamento de participación cidadá.

Marta Grandal, en representación do BNG, valora esta cuestión de cumprir coa norma e como é o papel da administración, mais fala da posibilidade de repensar e valorar como fomentar a participación en específico nas parroquias do rural.

En Doso, a 09 de outubro de 2023.

A Secretaría